



San Pedro
da Ramallosa

A mediados do Século 12 dicitase esta parroquia Sn. Pedro de Filgueyra con expresión de que estaba sita en terra de Miñor, despois dixose filgueyras, cuxo nome conservou por moito tempo, e atopamos que aínda o mantiña no ano de 1671; pero máis adiante foi esquecendo este título; e pola vecindade que ten a parroquia de Sta. Cristina da Ramallosa, tamén tomou o nome de Ramallosa co que hoxe a coñecemos. Crese que tivo casa propia o bendito Meno e Mártir Sn. Paio natural da Cidade de Tui. O 27 de Outubro de 1355 o Provisor do Bispo Dn. Xoán de Castro deu sentenza sobre a sen cura de Filgueyra, que é a parroquia de que falamos: e no ano de 1489 o Ilmo. Dn. Pedro Beltrán uniu á Mesa Capitular do Cabido Catedral de Tui a terceira parte de todos os seus froitos, décimos e primicias; pero hoxe en día leva dela as dúas terceiras partes. Venera por Patrón tutelar a Sn. Pedro Apóstolo (218), a quen lle fan a festa o 29 de Xuño. Habitana 206 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 39.000 reais, dos que leva o Cabido Catedral de Tui dúas terceiras partes, e o Arcebispo de Montes a outra terceira restante, este con cargo de poñer e dotar aquí o Cura párroco, quen non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa percibe de renda únicos 31 reais e 16 marabedis. Paga á Mitra de Tui 40 soldos leoneses 48 marabedis vellós: o Cabido contribúe pola súa parte de décimos ao Arcebispo de Miñor con 30 ferrados de miúdo, e o Arcebispo de Montes pola súa posición tamén dá ao mesmo 36 ferrados de dito gran. Houbo nesta parroquia unha Capela moi antiga e devota dedicada a Sta. María Magdalena, a cal era propia dos Arcebispos de Miñor, e estes percibían todas as ofrendas que nela ofrecían os fieis, e por separado disfrutaban todos os demais bens froitos e rendas anexos e pertencentes á motivada Capela, que segundo aseguran algúns documentos eran 9 bucios de millo (enténdase miúdo). A dita capela por estar ameazando ruína mandouna demoler o Señor Bispo Dn. fr. Francisco García Casarrubios e Melgar polo seu decreto de 15 de Maio de 1854, e que os seus materiais se empleasen en obras máis úteis e necesarias da Igrexa parroquial. Confina Sn. Pedro da Ramallosa coa mar. Dista de Tui 2 leguas e media.

28. ... A igrexa do Burgo Novo de Miñor, da que con cincocentas Pexotas (Pescadas) cada ano fixeron doazón Pedro Pelaez e a súa muller Elvira Venegas ao Bispo Dn. Pedro 1º e á súa Igrexa de Tui en 28 de Setembro do ano 1192, sen máis mención súa. Esa Igrexa parece foi parroquial; e acaso tivo a súa situación no barrio do Burgo arrabal da Vila de Baiona, que pertence á parroquia de Sta. María de Baiña. (ÁVILA Y LA CUEVA, 511-512).

Ata o ano 1751 chamábase Filgueiras coma se acredita polos libros parroquiais.





219

Igrexa parroquial (219)

É unha edificación construída en catro etapas onde houbo un probable xacemento román.

A Igrexa tiña inicialmente unha soa nave.

A súa primeira fase foi románica, moi sinxela, posiblemente entre os séculos IX-X, como se aprecia polos canzorros do corpo central.

A este corpo inicial engadiuse, polo Sur, unha capela de estilo gótico, con probabilidade no século XIV. A súa bóveda é de cantería e nervaduras.

No ano 1769 fíxose unha nova ampliación, que consistiu no traslado para o Oeste da fachada principal como actualmente a contemplamos.

A porta principal adórnase cunha moldura e enmárcase con dúas pilastras que sosteñen unha pequena cornixa que fai de base para a fornela que acolle a imaxe pétrea do Patrón. Un ocelo relevante con derrame ao exterior no mesmo eixe ocupa o centro do paramento. Dous pináculos flanquean a fachada.

Remátase o conxunto coa espadana de dous corpos. No primeiro con dous ocos en arco de medio punto, e o segundo cun só arco e frontón curvilíneo, con outros dous pináculos e cruz pétrea de remate.

Finalmente, a mediados do século XIX modificouse o presbiterio, cubríndoo cunha bóveda de pedra en medio canón.

É probable que sexa esta reforma da bóveda do presbiterio a que aproveitou os materiais da capela dedicada a Santa María Magdalena que Ávila y La Cueva nomea e comenta que foi mandada derruír no ano 1854 (por decreto de 15 de Marzo) polo bispo Frei Francisco García Casarrubios a causa do seu estado ruinoso.

O **retablo maior** (220) ocupa todo o paramento da ábsida.

No arquivo Catedral consérvase o documento do encargo para a pintura e douorado do mesmo, feito a Benito Antonio Silva y Ruibal por parte do Cabido coa data de 3 de abril de 1780, pola cantidade de 1.550 reais.

Na actualidade, polas desafortunadas restauracións sufridas, é case irrecuperable o seu valor artístico.

A capela lateral do lado sur está dedicada á Virxe do Rosario.



220

Nela atópase unha imaxe do Cristo do Desencravo, de escola sevillana de moi boa factura. O Venres Santo, todos os anos, nos Oficios, ten lugar a representación do descendemento da Cruz con esta imaxe.

Hai nesta capela outros dous pequenos retablos barrocos: o da **Virxe do Rosario** (221) e o **do Carme** (222), cunha curiosa representación, en relevo, das Ánimas na fornela central.

Capela de S. Campio (223-224)

Actualmente está situada na desembocadura do río Miñor.

Este é o seu terceiro emprazamento da súa historia.

As súas dimensións son reducidas.

Ten os panos revestidos e apilastrados de granito ben traballados nos extremos.





224



225

A porta principal é sinxela. Ten un pequeno cuberto a dúas augas. Enriba dela hai un ocelo e unha cornixa que se abre para rematar en espadana simple, adornada con pináculos e cruz central.

O tellado da nave é a dúas augas. O do presbiterio, un pouco máis elevado, a catro augas e con pináculos nos seus ángulos.

A sancristía é unha prolongación máis baixa e tamén con tellado a dúas augas.

No lado sur adorna o paramento exterior cuns **azulexos (225)** que recordan a presenza de San Telmo nestas terras.

Foi restaurada no ano 2005.

Cruceiro do S. Campio (226)

Diante da Capela.

Sobre tres chanzos de base octogonal.

Na base ten un peto de ánimas nunha das súas caras, as outras adórnanse símbolos da Paixón.

O seu fuste está ben traballado, e na parte inferior ten decoración floral. Remata un capitel mixto de acantos e volutas xónicas.



226

No anverso, o **Cristo** (226) presenta os brazos e xeonllos flexionados. No reverso, unha **Dolorosa** (227) co pano nas mans, sobre o mundo que rodea a serpe.

O seu autor é descoñecido.

Con probabilidade, construíuse a comezos do século XX.

Ponte Romana (“Ponte vella” ou de San Telmo) (228)

Moi cerca da Capela de S. Campio.

No seu inicio, puido ser unha das pontes romanas da “*vía per loca marítima*”.

Foi reconstruída baixo a dirección ou pola iniciativa de S. Telmo polos anos 1232-35.

O seu estilo é románico tardío, camiño do gótico. As súas pilastras rematan en maticán aos dous lados. O piso é de lousas de pedra e, na parte central, máis elevada, hai un **pequeno cruceiro** (217 e 228) coa imaxe de S. Telmo.

Baixo o santo hai outro relevo do Purgatorio.

Unha placa de bronce recorda que foi restaurado no ano 1926 polo benfeitor D. Xulián Valverde.

Capela - Convento de Vilaríño (230)

Foi un antigo pazo que pertenceu a varias familias, a última delas a familia de “Quirós”.

No seu portalón de entrada e no patio interior conserva brasóns que acreditan a súa pertenza á casa de Rivera e Taboada.

A súa construción dátase a mediados do século XVII.

No ano 1905 comprouno a Provincia Franciscana de Portugal para convertela nunha casa de formación para a Orde.

Para iso, no edificio primitivo, do que se conserva o patín, engadíuselle a capela, ampla, dunha soa nave, e outra capela pequena lateral, chamada “do Padre Luís”.

Na zona sur, ampliouse outra edificación funcional para que servira de residencia e centro de formación dos aspirantes e lugar para atencións benéficas.

Aquí finou no ano 1920 o Cardeal Patriarca de Lisboa, D. Xosé Sebastián Nieto.

O conxunto restaurouse recentemente, e pertence á Diocese dende o ano 1998.





Capela da Nosa Señora do Carmo

Foi construída no ano 1932, para o servizo aos veraneantes.

As súas dimensións son moi reducidas e sen pretensións artísticas.

Na **fachada principal** (232), ao leste, ten unha portada con arco de medio punto e molduras, que está semitapiada para acoller unha porta máis pequena co lintel sobre mochetas.

Por riba dela un pequeno ocelo e aos lados dúas fiestras a modo de seteiras e con derrame tamén exterior.

Remátase cunha pequena espadana.

Nesta parroquia atopamos unha serie de cruceiros, uns máis importantes que outros. Soamente citamos algúns deles máis representativos:

- O do Cemiterio, de comezos do século XX.
- Cruceiro de Carballal: con diversas restauracións. A última en 1905.
- Cruceiro de Mallón.
- Cruceiro do “Cruceiro”: Ata el chegaban as procesións.

FESTAS E ROMAXES DE S. PEDRO

- S. Pedro: 29 de Xuño.
- S. Campio: 23-25 de Agosto.
- Día da Muiñeira: 25 de Xullo.

